



concello de neda

BASES PARA A PARTICIPACIÓN DO CERTAME ARTÍSTICO INFANTIL ARREDOR DA FESTA DO PAN

PRIMEIRA.-OBJECTO E DESCRICIÓN

Co obxectivo de celebrar A FESTA DO PAN convidase á poboación INFANTIL a manifestar artisticamente a súa visión da celebración da Festa do Pan. As fotografías enviadas das mesmas serán compartidas a través das redes sociais do Concello. Para motivar á participación todos os nenos e nenas participantes recibirán un pequeno agasallo e levarase a cabo un sorteo de 5 lotes de contos.

SEGUNDA.- CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

O motivo terá que versar sobre a Festa do Pan de Neda ou o mundo do pan. Poderáse presentar unha soa creación por participante: debuxos , composicións con diversos materiais , disfraces...

Categorías:

- A.-** Ata os 3 anos.
- B.-** De 4 a 6 anos.
- C.-** De 7 a 9 anos.
- D.** De 10 a 12 anos.

Poden participar todos os nenos e nenas que envíen, en calquera das anteriores categorías, unha fotografía da súa creación xunto aos seus datos persoais: Nome e apelidos, DNI (do/a menor ou persoa adulta) idade, enderezo e municipio entre o mércores 1 de setembro e o luns 6 de setembro de 2021 ao tlf. 650484521 ou ao correo cultura@neda.gal

Todas as fotografías será npublicadas nas redes sociais do Concello e é necesario presentar, vía mail ou whatshap, O DOCUMENTO ASINADO DE PROTECCIÓN DE DATOS E PUBLICACIÓN DE IMÁXENES E A AUTORIZACIÓN ASINADA DA PARTICIPACIÓN DE MENORES . Ésta pode descargarse da web neda.gal ou recoller na Casa da Cultura.

TERCEIRA. –PREMIOS

Todos os participantes recibirán un pequeno agasallo. Entre todos os participantes sortearanse 5 lotes de contos.

CUARTA.- MECÁNICA DO SORTEO, NOTIFICACIÓN DE GAÑADORES/AS E REQUISITOS PARA A ENTREGA.

Asignarase a cada participante un número para o sorteo que terá lugar o martes 7 de setembro de 2021 na Casa Consistorial.

Unha vez realizado o sorteo contactarase con todos os participantes e cos gañadores para facerlles entrega do agasallo e o premio respectivamente, nunha vindeira data acordada.

QUINTA.- TRATAMENTO DE IMÁXENES E DATOS. Os datos das persoas participantes trataranse segundo a lei de protección de datos vixente.

SEXTA.- ACEPTACIÓN DE BASES

A participación neste sorteo supón a aceptación íntegra das presentes Bases.

Neda, a 30 de agosto de 2021